

BIBLIOTECA

"O bosque animado"


UXÍO NO VONTEYRA

*17 de maio 2010
Día das Letras Galegas*

*EQUIPO
DE
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA*



BIOGRAFÍA



Uxío Novoneyra naceu en Parada de Moreda, Courel, en 1930, fillo dunha familia de labregos. Esta terra será o principal referente físico para os seus versos, ofrecendo unha anovadora visión da paisaxe dentro da literatura galega.


No ano 1955 deu ao prelo *Os eidos*, poemario con que comeza un ciclo poético que retomará con *Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas* (1974). Nos comezos da década de 80, o poeta principia a recompilar e depurar o seu ciclo courelán, dando a lume *Os eidos. Libro do Courel* (1981), que terá diversas reedicións. No ano 1983 afínase definitivamente en Santiago, cidade desde a cal exerceu como presidente da Asociación de

Escritores en Lingua Galega, até a súa morte no ano 1999.

Publica *Poemas caligráficos* en 1979, nunha edición prologada e ilustrada por Reimundo Patiño, con textos vinculados a unha vangarda pictórica organizada arredor do grupo Brais Pinto. Xa na segunda metade desa década

Comeza cunha recompilación temática da súa produción poética completa. Así, en *Muller pra lonxe* (1987), reuniu os poemas apaixonais e amorosos, e dous anos máis tarde, en *Do Courel a Compostela 1956-1986*, os de temática política, que irán acompañados dunha antoloxía crítica. En 1994, logo de varios anos de silencio editorial, editou *Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*. En 1998 publicou *Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas*.

Nos seus textos, Novoneyra explicita o seu compromiso nacionalista e marxista (especialmente na época en que estes temas son protagónicos na literatura galega), sen deixar de preocuparse en ningún momento pola forma poética e mais pola linguaxe, pesquisando na materia lírica ata conseguir o mellor resultado visual e —sobre todo— sonoro para os textos (botando man para tal efecto de diversos recursos como o fonosimbolismo, a utilización de dialectalismos e vulgarismos, os silencios, o simbolismo gráfico, etc).



OBRAS

Abrojos. Inédito, 1948

Os eidos. Vigo, Xerais, 1995

Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas.
Vigo, 1974

Poemas caligráficos. Madrid, Brais Pinto, 1979

Os Eidos. Libro do Courel. 1981

Muller pra lonxe. Lugo, 1987

Do Courel a Compostela 1956-1986. Santiago ,
Sotelo Blanco, 1988

O cubil de Xabarín. Madrid, Edelevives, 1990

Tempo de elexía. Oleiros, Vía Láctea, 1991

Gorgorín e Cabezón. Madrid, Edelvives, 1992


*Poemas de doada certeza i este brillo premido entre
pálpebras*. A Coruña, Espiral Maior , 1994

Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas. 1998

Dos soños teimosos Noitarenga. Santiago de
compostela, Noitarenga, 1998


Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín. Zaragoza,
Edelvives, 1998.

Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas. A Coruña,
Hércules Ediciones, 1999



as

OBRAS SOBRE UXÍO NOVONEYRA NA BIBLIOTECA





Fran Alonso. **Folerpas de Novoneyra. Biografía e antoloxía.** Vigo, Xerais, 2010.

A lectura áxil desta obra é unha porta aberta á vida e á obra do poeta. Con este libro, Fran Alonso asómanos á poesía e ao universo de Uxío Novoneyra a través de anécdotas simpáticas e dunha aproximación amable aso poemas: O Courel, a infancia, a Guerra Civil, Os Eidos, os días de Brais Pinto, a lingua, María Mariño, o Novoneyra beat do 68, as caligrafías, os seus libros infantís...

Esperanza Mariño Davila. **“Dicionario” Uxío Novoneyra.** Santa Comba, tresCtres, 2010.

Fermosa edición que percorre a biografía do poeta homenaxeado, analiza, moi didacticamente, o seu labor creativo cunha grande claridade que facilita a comprensión da obra. Tamén amosa unha esmerada selección de documentos gráficos para comprender mellor as súas circunstancias vitais así como un coidado feixe de poemas ordenados cronoloxicamente, desde 1955 ata 1999, para logo ofrecer uns recursos didácticos a partir das poesías do autor do Courel, rematando cunha práctica sipnose.







Anxo Tarrío Varela (ed.) **Uxío Novoneyra. Día das Letras Galegas 2010**. Santiago, USC, 2010.

Hai na escritura de Novoneyra unha voz case bíblica ou homérica que estronda e ecoa en cada val da serra, espertando as criaturas sulagadas no longo sono dos séculos. Novoneyra crea un Courel de seu ao esconxuro da palabra. Entón xorde a paisaxe viva, como un touro branco, nos tesos e cumios; touro de pel de ucedo onde o poeta- demiurgo ordena o caos primixenio, debuxa camiños, fragas e searas. Fai burbullar fontañas e carriozos, sementa liños, centeos e flores e chanta, en fin, o home galego.

Xosé Lois García. **Uxío Novoneyra revisado**. Vigo, Xerais, 2009

Este libro constitúe un testemuño excepcional sobre a vida, a obra e o pensamento de Novoneyra escrito por un dos dos que foron os seus mellares amigos e un dos máis destacados especialistas na súa obra: Xosé Lois García. Repásase a concepción poética de Novoneyra, as correntes que influiron nela, as amizades, a paixón polo gravado, a súa época en Madrid ou como presidente da AELG. Tamén divúlgase a súa formación ideolóxica, o seu compromiso e a súa posición de vangarda na creación.



Carmen Blanco. **Uxío Novoneyra**. Vigo, A Nosa Terra, 2009.

Como outra obra máis de divulgación das persoas homenaxeadas nos días da Letras Galegas, A Nosa Terra edita este libro cun marcado carácter didáctico para acadar un achegamento sinxelo, agradable e práctico á vida e obra de Uxío Novoneyra. Cun amplo número de ilustracións, cunha linguaxe directa este libro consegue debuxar un percorrido vital, desde a súa infancia ata os anos finais en Compostela, polo poeta do Courel ao tempo que rebulla a obra artística, literaria e gráfica.

MOSTRA DE POESÍAS

Vai polo monte o camiño
outeando como un louco
polos Cabarcos do val
i as poxas do taramouco.

Cruza solo a serra toda
sin levar outra compañía
que a gran presenza do ceo
sobre o silencio da braña.

Eu non sei para onde vai
méntral ´o quedo mirando.
Sólo sein que eilí se compre
o soño que estou soñando...



Según a tarde vai caíndo
vánseme sumindo
os soños na sombra e vai rubindo
a door.

Según a noite vai entrando
vánseme afogando
os soños na sombra e vai
medrando
a door.



Estoun solo como un lobo
oulando cara a noite.
Angustia de morte!
Arelanzas de louco!

Issta door! Ista

Meu cuarto
onde teño o tempo pechado!
Días de tódolos días!
A miña galvana
sabe o fin da vida.
Como se xa todo fora unha cousa pasada.


O ramallo de prata
dibuxando na cama.
Os ollos dos cadros
ollando sempre pro meu lado...
As figuras de madeira
nas contras e no faio.
As regueiras de sarrio
das goteiras pola parede abaixo.
A porta pechada.
A lacena entraberta.
O espello sólo naquelo que retrata...



COUSOS do lobo!
Cabarcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir

O lobo! Os ollos o lombo do lobo

Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
En busca da vagoada máis sola e máis medrosa...
Rastrexo
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca.



Chove maina e calada.
Veinse os fiús da auga
contra as bandas das penas...
En soutos e devesas
as pingoadas esbaran e baixan
Petando de folla en folla.
Por veces
co vento a ruxidoira
medra i esvece
en ondas que ún alonga...
Agora
Eu son sólo para choiva.